

A espera

Agora que sabedes que estou aquí, quedo moito máis tranquila. E espérovos.

Estas palabras invadirían os meus pensamentos cada día da miña vida, vida que xa non tiña sentido.

E espérovos...

Estas palabras cheas de amor que me axudaron a medrar, e que agora atormentaban os meus pensamentos. Sempre fun un neno tímido e introvertido, pero cando estaba con ela todo era distinto, transformábame noutra persoa.

E espérovos...

Nunca pensei que esas serían as derradeiras palabras que escoitara dos seus beizos, ese día que nos foi despedir ao meu curmán e a min cando estabamos a piques de comezar a nosa etapa universitaria.

E espérovos...

Como sempre, cumpriu a súa promesa. Alí estaba na súa cadeira onde adoitaba dar unha cabezada despois de xantar, pero esta vez era distinto, alí estaba pálida e xélida, a miña querida avoa. Alí estaba, esperándome coma sempre.

Lucía Fernández Gándara, 1º B